

# METROPOLITANO.GAL

 AGENDA    **QUÉ HACER**    PLANES    ENFOQUE    EXTRA    PEQUEOCIO



FOGONES



PORTADA > Qué hacer > Espectáculos

## Volven as representacións internacionais á Miteu de Vigo



Compartir en Facebook



Compartir en Twitter



Compartir en Whatsapp



**Un mes de teatro universitario con representacións chegadas desde Galicia, León e Colombia.** Así será a **XXVI Mostra Internacional de Teatro Universitario de Vigo, Miteu 2024**, un evento cultural co que a Universidade convida á cidadanía a achegarse ao campus e gozar do teatro universitario máis actual, tanto do que sae das aulas galegas como daquel que se forxa máis aló da nosas fronteiras.

Con **entrada de balde ata completar a capacidade da sala**, as representacións arrancarán este mércores coa actuación da Aula de Teatro do Campus de Pontevedra e continuarán o xoves 18 coa compañía Teatro El Mayal da Universidad de León. Será en ambos casos ás 18.30 horas no Teatro Vidal Bolaño, hora e escenario no que se levarán a cabo as seis actuacións previstas desde esta semana ata o vindeiro 15 de maio.

## Más noticias

---

**Piden artistas locais en Castrelos, tamén como teloneros, en vez del "mitin" del alcalde de Vigo**

🕒 15/04/2024

**A UVigo participa no deseño dun sistema de antenas máis eficiente para os satélites de comunicación**

🕒 12/04/2024

# Da Estupidez artificial ao berro dunha terra esquilhada

**Para estrear esta XXVI edición da mostra elixiuse a obra Estupidez Artificial, dirixida por Omar Ferrín e Salvador del Río**, na que se contan tres historias que teñen como nexo común a Intelixencia Artificial, unha ferramenta chamada a revolucionar a maneira que os seres humanos teñen ou terán que relacionarse. A busca da compañía para escapar da soidade, a procura de inspiración dun artista frustrado ou a indagación arredor da fórmula que permita dominar o mundo constitúen as máximas dos protagonistas da montaxe. Cun elenco de seis actores, a música correrá a cargo de Xaime Reboiras e o vestuario de Sonia Rúa.

**O xoves cambiarase o acento galego polo castelán coa representación da obra Sangre carbón**, da Universidad de León. Dirixida por Javier R. De la Varga, a peza xurde

como o berro dunha terra esquilhada polos homes. Serán 10 actores e actrices sobre o escenario narrando a historia dunha transgresión: a que comete Mara, a súa protagonista, para salvar a vida da súa irmá Marusina, “unha viaxe ao interior da terra e tamén ao fondo de si mesma, unicamente por amor”.

## **A vindeira semana chegará o teatro máis internacional e os anfitrións**

**A vindeira semana volverase contar con dobre representación.** O martes será o día máis internacional coa participación da **compañía colombiana Sin mente teatro, que representará Tomás, cuando el silencio es complicidad**, dirixida por Germán Frasio Montegimeno e interpretada por Diana Rocha Torres, Edna Rocío León e Diego Cañón. A través da linguaxe corporal, actoral, visual, musical e o manexo de monicreques, esta obra bríndalle á persoa espectadora unha posta en escena cargada de imaxes e sensacións que transitan entre alegrías e penas.

**Tamén a vindeira semana, neste caso o mércores, será a quenda dos anfitrións, a Aula de Teatro do Campus de Vigo, que representará a obra Soño dunha noite de verán**, baixo a dirección de Casilda Alfaro e Sonia Rúa e coa participación dun elenco composto por máis dunha ducia de actores que levan meses preparándose para esta actuación.

## **Ata o 15 de maio**

**No mes de maio haberá dúas representacións, o mércores 8 e o 15.** O mércores 8 actuará Trifásico Teatro, da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia, ESAD Galicia, que, nesta ocasión, representará a obra Hámster, baixo a dirección artística de Natalia Feijoo e interpretada por Alba Lago e Álvaro Lourido. Contarán unha historia na que ‘ela’ é a femia, ‘el’ o macho, e ambos habitan un espazo que é seu e, á vez, que non escolleron, comen o que teñen ao seu alcance, dan voltas procurando a súa propia identidade, actúan para uns espectadores que non decidiron ter e que nunca deixan de mirar...

**O cartel da XXVI edición da Miteu pecharase o 15 de maio coa representación de Desequilibrios, interpretada polo grupo Maricastaña da Aula de Teatro Universitario de Ourense.** Baixo a batuta de Fernando Dacosta as espectadoras e

espectadores transportarase a un manicomio, o lugar onde van parar as persoas que son diferentes, que non encaixan nunha sociedade que busca o (seu) equilibrio para poder ter todo controlado de cara á produtividade. O tolo, o desequilibrado, é recluído e tratado co fin de recuperarse para esa sociedade: non debe saír dos canons establecidos.

**Temas:** [espectáculos en Vigo](#) [teatro en Vigo](#) [Universidade de Vigo](#) [UVigo](#)

 [Compartir en Facebook](#)

 [Compartir en Twitter](#)

 [Compartir en Whatsapp](#)



¿TÚ QUÉ PIENSAS?

## Agenda

---

### ABRIL DE 2024



**20-21** **FESTIVAL DE SAIÁNS - PICNIC SESIÓN**  
**ABRIL**  
FESTIVAL | VIGO | GRATIS

## Más noticias

---

ESPECTÁCULOS

MÚSICA